

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de decembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dezanove de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1424).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de decembro de 2013 e extraordinaria e urxente do 10 de decembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1425).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMETNO NO LABOR DESENVOLVIDO A TODOS OS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E INSTITUCIONAIS. EXPTE. 10550/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 29-10-13, do técnico de Admon. Xeral e xefe de Protocolo e RRPP, conformado pola concelleira de Facenda, vistos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal de datas 08-11 e 12-12-2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, que a seguir se relaciona..

Segundo.- Autorizar o gasto segundo o expresado na clausula 2ª do convenio a favor do Circulo Cultural , Mercantil e Industrial de Vigo por unha contía de 10.000 euros con cargo á partida 912.0.489.00.04 "Outras subvencións". O pagamento da subvención ao Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo farase do xeito seguinte: un único pagamento, de 10.000 euros, realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente ao ano en curso, presentada antes do día 20 de decembro de 2013.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMENTO NA LABOR DESENVOLVIDA POLO CÍRCULO MERCANTIL A TÓDOLOS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E INSTITUCIONAIS

Na Casa do Concello de Vigo, a de outubro de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don ABEL RAMON CABALLERO ALVAREZ, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007,..

Doutra, don IGNACIO PÉREZ AMOEDO, como presidente da asociación CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, CIF nº 36614097 e enderezo social en Rúa Príncipe 44 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario .

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, Institución fundada no ano 1891 e que realiza unha labor que chega directamente a 22.000 asociados, ven desenvolvendo ó longo dos anos un intenso esforzo no edio

cultural, deportivo e lúdico que se estende a tódolos cidadáns de Vigo a través de actos públicos, institucionais e abertos, que contribúe, ademais, á proxección da imaxe exterior da cidade.

Por este e outros motivos, concedéuselle a Medalla de Ouro da Cidade, a Placa Nacional ó Mérito Deportivo, así como outras distincións de recoñecido prestixio.

II.- Que o Concello de Vigo por esta especial incidencia pública na cidade e a continuidade das actividades descritas, considera á sinatura dun convenio de colaboración..

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social e cultural. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento

V.- Que a entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa as devanditas actividades da entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO comprométese a colaborar coa ALCALDÍA do Concello de Vigo, concretamente, a:

1º.- Cumprir o programa de actividades detalladas neste convenio.

2º.- Edición de catro números da revista "El Mercantil", nos que reservarase unha páxina completa en cada número para inserción da información institucional que a Alcaldía considere oportuna. A revista cubrirá o desenvolvemento da programación realizada polo Concello de Vigo, particularmente a de carácter cultural e deportivo.

3º.- O Círculo Mercantil facilitará o acceso público aos fondos da biblioteca para a realización de traballos de investigación e estudo, ata a data de remate deste convenio.

4º.- O Círculo Mercantil atenderá as solicitudes para realizar as exposicións que lle remita o Departamento de Cultura do Concello, có obxecto de estudar a posibilidade de encadralas dentro da súa dinámica cultural, para o que facilitará unha sala de exposicións.

5º.- O Círculo Mercantil facilitará ao Concello entradas para os concertos programados cando non se realicen en dependencias municipais. No Concerto de Nadal establécese unha reserva de 100 localidades a favor do Concello.

7º.- O Círculo Mercantil aboará os gastos derivados do desenvolvemento dos concertos.

8º.- Na publicidade que se realice para a difusión dos actos deste programa, o Círculo Mercantil dará o mesmo tratamento en espazo aos anagramas do Concello que aos seus propios. No caso de participación doutras entidades, o Círculo Mercantil acordará có Concello a fórmula de presenza dos anagramas.

9º.- O Círculo Mercantil presentará a memoria definitiva do programa de actividades obxecto deste convenio antes do día 20 de decembro de 2013, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e o balance económico de gastos e ingresos.

10º.- O Círculo Mercantil deberá obter tódolos permiso e autorizacións necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamento á entidade Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo, unha subvención por importe de 10.000 euros con cargo á partida orzamentaria da Alcaldía 912.0.489.00.04 "Outras subvencións", do presente orzamento, có obxecto de coaxudar á financiación de actividades culturais.

2º.- O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.75.0040004497 de Caixanova, oficina principal.

3º.- O pagamento expresado na punto anterior nun único pago contra a presentación da memoria de avalización da programación correspondente ao ano en curso, así como a conta xustificativa da declaración de actividades realizadas e xustificantes do pago dos gastos incorridos, a presentar antes do día 20 de decembro de 2013 .

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción do logo da Alcaldía en programas e carteis.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de

valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do presente ano.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía. O xefe do servizo de Alcaldía emitirá informe ao respecto, así como á axeitada xustificación da mesma, facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinérgica da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.-De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguemento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Alcaldía.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Alcaldía do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de de 2013.”

3(1426).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE PERSOAS DADAS DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE OS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2013. EXPTE. 89458/301.

Dáse conta da relación de persoas dadas de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de outubro e novembro de 2013.

OUTUBRO

EXPEDIEN-TE	NOME E APELIDOS	DATA
06/0264	SOCORRO GONZÁLEZ GONZÁLEZ	01/10/13
06/0495	ALCIRA RODRÍGUEZ OTERO	01/10/13
06/2850	DOLORES PORTELA OTERO	01/10/13

21/1408	NIEVES BÓVEDA BÓVEDA	02/10/13
21/2778	CRISTINA ÁLVAREZ PRADO	02/10/13
24/1186	MARIA VÁZQUEZ BLANCO	02/10/13
24/0103	BERNARDINA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	07/10/13
25/0151	ROSA M. MORALES DOMÍNGUEZ	07/10/13
04/2845	AMADO HERMIDA REY	07/10/13
25/1884	ÁLVAREZ ESTEVEZ MARIA	08/10/13
14/2854	M TERESA ABAL ROSENDE	08/10/13
13/0995	AURELIA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	10/10/13
21/0515	ISABEL CREGO ARRIBA	14/10/13
01/2296	MANUEL RAÑA RODRÍGUEZ	15/10/13
06/2048	CAMILA BALBUENA PAZO	16/10/13
06/2890	MANUEL ARMINDO TOMBO GUERNER	16/10/13
01/2275	ELSA ESTEVEZ ALONSO	17/10/13
05/1688	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	22/10/13
14/2872	CLEMENTINA LOSADA RODRÍGUEZ	24/10/13
05/1281	JOSÉ LUIS SIMÓN FERNÁNDEZ	25/10/13
24/0990	DOMINGO GRANJA ÁLVAREZ	28/10/13
11/0884	MANUEL RODRÍGUEZ PÉREZ	28/10/13
24/1963	CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	29/10/13
16/2554	JOSÉ CASAL ESTÉVEZ	29/10/13
03/0298	MIGUEL ÁNGEL BELLO ÁLVAREZ	29/10/13
06/0273	ENRIQUE FERNÁNDEZ RIAL	30/10/13

NOVEMBRO

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
05/1341	CARMEN GONZÁLEZ MOSQUERA	06/11/13
15/2658	MANUEL IGLESIAS OTERO	04/11/13
14/2028	DELFINA CANABAL MEIJOMENCE	04/11/13
12/2357	M. VICTORIA LAGO ARAUJO	19/11/13
14/0385	M. DOLORES FERNÁNDEZ GARCÍA	20/11/13
02/0468	ELVIRA DE ARCOS TURCO	21/11/13
25/0592	AMPARO ALCALDE SOUTO	28/11/13
25/2389	NIEVES RODRÍGUEZ INSUA	28/11/13
03/0581	MARINA ALONSO GONZÁLEZ	25/11/13
03/1928	HERMITAS DAVILA GONZÁLEZ	25/11/13
06/2931	LAURA VÁZQUEZ LÓPEZ	26/11/13

4(1427).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2013. EXPTE. 89465/301.

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: setembro, outubro e novembro de 2013:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
23/10/13	REPARACIÓN E MANTEMENTO LOCAIS	2120000	201300069820	4.000,00	VARIOS
15/11/13	REPARACION INSTAL. ELECTRICA ALBERGUE	2120002	201300075366	2.934,25	IMESAPI, S.A.
20/11/13	MANTEMENTO INST. CALEFACCIÓN ALBERGUE	2120002	201300076072	826,00	CALOR Y AMBIENTE, S.L.
08/10/13	ACTV. OCIO E TEMPO LIBRE MENORES	2260907	201300065327	6.000,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
21/10/13	PROGRAMA LUDO-PAM	2260907	201300069203	8.629,50	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
23/09/13	FERRAMENTA INFORMATICA MODULO INFANCIA	2279900	201300059794	15.861,89	AULA INFORMATICA DE GALICIA S.L.
20/09/13	FERRAMENTA INFORMATICA MODULO CENTRO EMERXENCIA	2279900	201300059795	18.137,90	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
07/11/13	OBRADOIROS PREVEN. DROGAS	2279908	201300073229	1.200,00	ASOC. MADRO
08/11/13	DESENVOLVEMENTO III SEMINARIO INSERCIÓN SOCIOLABORAL	2279908	201300073950	450,00	VARIOS
08/11/13	OBRADOIROS PROGRAMA PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201300074005	1.500,00	ASOC. MADRO
13/11/13	OBRADOIROS PROGRAMA PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201300074788	900,00	ASOC. ERGUETE
20/11/13	OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201300075829	3.500,00	ASOC. ERGUETE
20/11/13	CHARLAS FORMATIVAS PREVENCIÓN "MAIS QUE UN TEITO"	2279908	201300075830	1.325,00	ASOC. ERGUETE
21/11/13	OBRADOIROS "NON PASA NADA"	2279908	201300075831	2.100,00	ASOC. ERGUETE
27/11/13	OBRADOIROS PREVENCIÓN ALUMNOS ESO	2279908	201300077858	8.950,00	ASOC. ALBORADA
27/11/13	OBRADOIROS PREVENCIÓN COLEXIO	2279908	201300077859	300,00	ASOC. ALBORADA
27/11/13	OBRADORIOS PREVENCIÓN IES POLTECNICO	2279908	201300077860	900,00	ASOC. ERGUETE
07/11/13	GASTOS CAMPAÑA "IMPÓRTANOS¡!	2279909	201300073945	7.000,00	VARIOS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(1428).- MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2014. EXPTE. 89376/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-12-13, da xefa do servizo de Política de Benestar, conformado polo xefe de área e máis pola concelleira-delegada, visto o informe de fiscalización da Intervención da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o marco de actuación do do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

Segundo.- Autorizar o gasto de 445.000 euros con cargo á aplicación orzamentara 2310-480.00.00 ou a súa bolsa de vinculación, e 20.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3133-480.00.00, para facer fronte as axudas económicas individuais de emerxencia para o exercicio 2014, facultando á Concelleira-Delegada de Política de Benestar para a aprobación e concesión, no seu caso, das concretas axudas económicas a favor dos usuarios de benestar social.

Terceiro.- O expediente tramitarase como anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2014. Dado que o Capítulo VII non ten carácter de prorrogable, se autorizará o gasto de 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2310-780.00.00, unha vez que se aprobe o orzamento definitivo do ano 2014, sempre que exista consignación orzamentaria.

Cuarto.- Autorizar a realización de libramentos a xustificar, à solicitude de Política de Benestar e de CEDRO, ata os importes máximos indicados no apartado segundo e terceiro, a nome de funcionarias/os habilitadas/os dos indicados departamentos e que serán aboadas nas contas restrinxidas da Tesourería Municipal.

“MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2014

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k) e a Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, os servizos sociais municipais prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas, de carácter individual e de emerxencia, para o ano 2014, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN

Primeira.- Obxecto

É o conxunto de disposicións dinerarias excepcionais, de carácter propio ou subsidiario e/ou complementario doutro tipo de recursos económicos previstos na lexislación vixente, suxeitos ó cumprimento dos fins indicados na base segunda e como parte do conxunto de intervencións e actuacións específicas de emerxencia.

Segunda.- Finalidade das axudas

Apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen de recursos económicos para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

Terceira.- Clasificación das prestacións

a) Prestacións económicas que serán entregadas en metálico ou mediante cheque bancario, transferencia ou calquera outro medio válido (p.ex. tarxetas sociais pre-pagamento).

b) Prestacións económicas efectuadas a provedores, arrendatarios, subministradores, etc., dos usuarios ou beneficiarios do programa.

Cuarta.- Persoas destinatarias

O programa de prestacións individuais non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de necesidade social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis meses. Poderá excepcionarse xustificadamente este requisito en situacións singulares e urxentes como poden ser os emigrantes retornados, as persoas en situación de necesidade extrema, os estranxeiros refuxiados ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias ou as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

Quinta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto ás aplicacións orzamentarias 2310-480.00.00, 2310-780.00.00 e 3133-480.00.00.

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria 2310-780.00.00.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida em que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

Sexta.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou menor emancipado.

2º.- Residir e estar empadroado no Concello de Vigo, coa antigüidade mínima establecida na base cuarta, agás as excepcións alí indicadas.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender estas necesidades, a non ser que sexa para complementar o importe concedido.

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as concedidas ata o momento da solicitude.

Sétima.- Natureza e contía das axudas

Natureza das axudas:

Indícanse, con carácter xeral, os seguintes conceptos de prestacións:

1º.- Gastos de aloxamento, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Aloxamentos provisionais (pensións, hostais, etc.).
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer ou amortización de créditos hipotecarios correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

En todo caso, as axudas concedidas teñen carácter temporal e extraordinario e non poderán ser invocadas como precedente.

Contías máximas das axudas segundo a súa natureza:

1.- Aloxamento:

1.1. Alugueres e amortización de créditos hipotecarios en evitación de desafiuzamentos da vivenda habitual, ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

1.2. Aloxamentos provisionais, ata un máximo de 600 €.

- 1.2. *Gastos de comunidade, ata un máximo de 1.000 € por vivenda e ano.*
 1.3. *Mobiliario de primeira necesidade, ata un máximo de 1.000 € por vivenda e ano.*
 1.4. *Débedas de subministros: enerxía eléctrica e gas, ata un máximo de 800 € por vivenda e ano; 200 € por vivenda e ano para o gasto de consumo de auga.*

2.- *Alimentación:*

Ata un máximo de 500 € mensuais ou 3.000 € anuais, de acordo co seguinte baremo:

<i>MEMBROS UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>EUROS MES</i>	<i>EUROS ANUAIS</i>
<i>1</i>	<i>150</i>	<i>900</i>
<i>2</i>	<i>220</i>	<i>1.320</i>
<i>3</i>	<i>290</i>	<i>1.740</i>
<i>4</i>	<i>350</i>	<i>2.100</i>
<i>5</i>	<i>400</i>	<i>2.400</i>
<i>6</i>	<i>450</i>	<i>2.700</i>
<i>7 ou mais</i>	<i>500</i>	<i>3.000</i>

3.-*Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.*

4.-*Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de gafas, ortopedia e prótesis), acreditando a súa prescrición por un médico do sistema público de saúde, ata un máximo de 750 € anuais.*

5.- *Gastos persoais, ata un máximo de 400 € anuais.*

6.- *Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.*

Oitava.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada polo Xefe de Área de Política de Benestar, a Xefa de Servizo, a Técnica de Actividades Económicas do departamento, a Técnica responsable do programa de prestacións, dúas traballadoras sociais das UTS e unha traballadora social de CEDRO.

Novena.- Procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC), acompañada da documentación esixida en cada caso.

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Recabada toda a documentación necesaria e emitidos os correspondentes informes sociais por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de re-

solución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose ó presente marco de actuación, tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súa contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán determinar a contía e proximidade do aboamento en caso de que a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen se elevará na primeira reunión que se celebre.

A Concellería delegada da Área de Política de Benestar será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación das axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ós interesados nos termos previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Concedida a axuda, a persoa beneficiaria disporá dun prazo de dez días desde a recepción da mesma, para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

No caso de axudas para alimentos, os tickets de compra custodiaranse no departamento de Benestar Social. Nos casos nos que a axuda sexa para pagar a terceiros, achegarase co recibín a factura correspondente ou a copia da transferencia bancaria.

Décima.- Solicitud de fondos

Por solicitude dos departamentos de Benestar Social e CEDRO realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á conta delegada de Benestar Social número 2080 5000 67 3110242616 e á conta delegada de CEDRO número 2080 5000 61 3110290285 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás partidas 2310.480.00.00 e 3133.480.00.00 e, no seu caso, para a partida 2310.780.00.00.

Décimo primeira.- Obrigas das persoas beneficiarias

- 1. Aplicar a prestación ás finalidades para a que foron concedidas.*
- 2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.*
- 3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.*
- 4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.*
- 5. Comunicar calquera cambio de domicilio.*
- 6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.*
- 7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicada para tal efecto.*

Décimo segunda.- Publicidade das axudas concedidas

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.

Décimo terceira.- Seguimento e efectividade das prestacións

En cumprimento do establecido na Base nº 38.2 pfo. 2º das de execución do orzamento xeral do ano 2013, corresponderá á Área de Política de Benestar realizar os seguimentos que procedan

en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.”

6(1429).- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO A IMESAPI S.A. RELATIVO A OBRAS DE SUBSANACIÓN DE DEFECTOS DETECTADOS NAS REVISIÓNS DA OCAS, FASE 1. EXPTE. 15500/332.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 09-12, do xefe da oficina administrativa de Contratación; visto o informe da Intervención do 04-12, a Xunta de Goberno Local acorda

Devolver a IMES, S.A. a fianza de 3.177,97 euros constituída para responder das obras de subsanación de efectos detectados nas revisións das O.C.A.S., fase 1, xa que foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

7(1430).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “GONZALO VIANA, MITO, FÁBULA E DISTOPÍA”. EXPTE. 607/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo, conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Poñer á venda 200 catálogos dos 500 editados co gallo da exposición “GONZALO VIANA. MITO, FÁBULA E DISTOPÍA” a un prezo unitario de venda ao público de 10 € (dez euros), IVE incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

8(1431).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A 9º SAN SILVESTRE VIGUESA 2013-SOLIDARIA, O VINDEIRO 31 DE DECEMBRO. EXPTE. 12751/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, ao Club Atletismo Vigo, a organizar o vindeiro martes 31 de decembro de 2013, o evento deportivo denominado 9º SAN SILVESTRE VIGUESA 2013-SOLIDARIA, dita proba comenará ás 17-00horas dende a Praza de Compostela e percorrerá por Colón, Rosalía Castro, Areal, Pza. Compostela, García Olloqui, Luis Taboada, Concepción Areal, Montero Rios, García Olloqui. Pza. de Compostela

9(1432).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO DEPORTIVO “BICIS NO NADAL” O VINDEIRO 29 DE DECEMBRO. EXPTE. 12735/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD do 19-12-13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, ao Club Ciclista Vigués, a organizar o vindeiro domingo 29 de decembro de 2013, o evento deportivo denominado BICIS NO NADAL, dita proba comenará ás 10.30horas e terá a súa saída dende a Porta do Sol percorrendo Elduayen, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Camelias, Pza de América, Castelao (xiro na rotonda rúa O Grove)Pza de América, Gran Vía, Pza de España, Pizarro, Travesía de Vigo, Avda. Buenos Aires, Sanjurjo Badía Avda. García Barbón , Policarpo Sanz, Porta do Sol.

10(1433).- ADXUDICACIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS DO CONCELLO DE VIGO PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA O ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS (EOIV) 2013/2014. EXPTE. 15438/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 11-12-13, do técnico medio de Actividades Culturais, conformado polo concelleiro de Educación e máis pola concelleira de Facenda, visto o informe de fiscalización do 13-12-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar as 46 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (33 bolsas), francés (5 bolsas), alemán (3 bolsas), italiano (2 bolsas) portugués (1 bolsa), xaponés (1 bolsa) e chinés (1 bolsa).

ALUMNADO DA EOIV PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 33 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES)

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN_48	Pedreira Vázquez	Susana	76864723 B	10,00
IN_13	Romero Rivas	Vanesa	53187334 H	9,00
IN_50	Alcazar Barreiro	Sara	39453283 A	9,00
IN_77	Ferradans Rodríguez	Laura	36177587 J	9,00
IN_70	Novo González	Marta	36145900 C	9,00
IN_52	Iglesias Fernández	César Manuel	36114740 W	9,00
IN_15	González Illanes	Silvia	36134192 L	9,00
IN_99	Sotos Martínez	Eva	36175852 A	8,50
IN_02	Rivas Pagador	Adoración Eugenia	53192335 M	8,50
IN_83	Silva Fernández	Pablo	36176909 V	8,50
IN_60	Martínez Menduiña	Vanesa María	78739795 P	8,50
IN_100	Pérez Díaz	Silvia	36147349 C	8,50

IN_55	De Lorenzo Troiteiro	Yolanda María	36148008 N	8,50
IN_93	López-Tercero Córdoba	Alfonso	36134201 M	8,50
IN_85	Cermeño Baraja	Laura	36039503 K	8,50
IN_23	Reboreda Rivera	Antía	39462560 B	8,00
IN_07	Villanueva Sixto	Cristina	36125054 N	8,00
IN_01	Domínguez Borines	Jessica	36121672 B	8,00
IN_49	Muiños Vidal	Paula	36176848 X	8,00
IN_27	González Vázquez	Rosa María	36141779 Q	8,00
IN_71	Gómez Martínez	Jorge Hugo	53183098 Z	8,00
IN_89	Martínez Lorenzo	Alberto	76711054 M	8,00
IN_26	Rodríguez Fernández	Minia Jovita	36115841 E	8,00
IN_88	Ramallo Estévez	Jorge Luis	36040354 K	8,00
IN_17	Paz Losada	Eva	36121057 V	8,00
IN_18	Rodríguez García	Rosa María	33317518 V	8,00
IN_42	Barros Vila	Nerea	53199130 S	8,00
IN_45	Villar Iglesias	María Manuela	36067765 Q	8,00
IN_39	Carcedo Fernández	Juan Carlos	10850133 K	8,00
IN_31	Arcos Fernández	María Josefa	36028707 N	8,00
IN_51	Solla Pinal	Pablo	36158634 N	7,50
IN_32	Vicario García	Berta	71270830 V	7,50
IN_05	Rodríguez González	Andrea	53171102 R	7,50

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 5 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS)

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
FR_14	Álvarez Montes	Eva María	53170460 A	9,50
FR_12	Pérez Fernández	Helga	53175096 Q	9,00
FR_01	Mora Rocha	Marina	36062245 Q	9,00
FR_24	Diz Montero	Alberto	53170976 J	8,50
FR_08	Martínez Rodríguez	Iria	36159476 A	8,50

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 3 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (BERLÍN)

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
AL_06	Moure Alonso	María Isabel	36142829 P	9,50
AL_07	Dominguez Carrasco	Rubén	53174349 M	8,50
AL_02	Mougan Leis	Aida	53175158 D	8,50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 2 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA)**

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IT_03	Pérez García	María Jesús	36039148 B	10,00
IT_02	Rodríguez Llana	María Eugenia	36022663 V	10,00

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (LISBOA)**

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
P_04	Andrey Fachado	Paula	53182644 C	9,50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (TOQUIO)**

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
X_07	Expósito Costas	Marta	53817296 X	11,00

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE CHINÉS (PEQUÍN)**

Expte.	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
CH_02	Luna Díaz	Aránzazu	26023038 X	9,00

Segundo.- Conforme ao recollido na cláusula décimo segunda das Bases Reguladoras, pagar aos seleccionados, relacionados no punto anterior, un anticipo 50% da contía total da bolsa, desglose 50% por idioma, corresponde: inglés 865,00.-€, francés 947,50.-€, alemán 847,50.-€, italiano 847,50.-€, portugués 720,00.-€, xaponés 930,00.-€ e chinés 830,00.-€. Para esta finalidade inclúese no expediente documento á parte cos números de conta bancaria dos beneficiarios/as.

Terceiro.- Excluir aos seguintes solicitantes polos motivos que se citan:

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" NO IDIOMA DE INGLÉS

Expte.	Apellidos Alumno/a	Nome Alumno/a	DNI	Lingua	Nivel	Motivo Ex-clusión
IN_94	López Fernández	Tania	47376857 P	Inglés	Intermedio II	B
IN_25	Álvarez Rodríguez	Javier	46776030 X	Inglés	Avanzado I	A
IN_95	Fernández Rodríguez	Pablo	53187968 P	Inglés	Intermedio II	B
IN_16	Atán Jurjo	Mónica Manuela	33293299 V	Inglés	Avanzado I	A

IN_38	García Rodríguez	María Belén	36135992 W	Inglés	Intermedio II	B
IN_04	Álvarez Fernández	Ana	36146179 T	Inglés	Intermedio II	B
IN_37	Cobas Durán	Emma	36162982 J	Inglés	Avanzado II	B
IN_40	García Rodríguez	Carolina	36135991 R	Inglés	Avanzado II	B
IN_91	Castellanos Fernández	Paula	53195727 Q	Inglés	Intermedio II	B

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	DNI	Lingua	Nivel	Motivo Ex-clusión
FR_22	Moure Valladares	Alejandro	36135448 X	Francés	Intermedio II	B

*Motivos de exclusión:

- A: por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base cuarta “*beneficiarios e requisitos*” da presente convocatoria, que di “*ter o empadramento na cidade de Vigo cunha antigüidade mínima de 01/01/2013*”.
- B: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base cuarta “*beneficiarios e requisitos*” da presente convocatoria, que di “*ter aprobados dous cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa*”.

Cuarto.- Incluir na lista de agarda das bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado da EOIV, que pasará a ter consideración de beneficiario/a das bolsas nos idiomas de inglés, francés, alemán italiano, portugués, xaponés e chinés na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os 46 bolseiros/as beneficiarios/as directos indicados nos primeiros listados (anexo I), de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación:

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES)

Expte.	Orde	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	NIF	Lingua	Nivel	Puntos
IN_36	1º	Rodríguez Alonso	Aida	36126508 V	Inglés	Avanzado II	7,50
IN_81	2º	Martínez Rodríguez	Iria	36159476 A	Inglés	Intermedio II	7,50
IN_10	3º	García Vázquez	Aurea Isabel	39453577 K	Inglés	Intermedio II	7,50
IN_69	4º	García Oliveira	Silvia	53181853 B	Inglés	Avanzado I	7,50
IN_67	5º	Costas Castro	Verónica	36131636 Q	Inglés	Avanzado I	7,50
IN_47	6º	Morales López	Xesús	36123149 Q	Inglés	Avanzado I	7,50
IN_33	7º	Quinteiro Franco	Zoe	36100989 M	Inglés	Avanzado II	7,50
IN_65	8º	Méndez Fernández	David	76998823 K	Inglés	Avanzado I	7,50
IN_64	9º	Pérez Fernández	Ana	36112624 W	Inglés	Avanzado I	7,50
IN_28	10º	Martínez González	Seila	36118164 E	Inglés	Avanzado I	7,50

IN_74	11°	Vázquez Sobreira	María José	53177915 Y	Inglés	Intermedio II	7,50
IN_58	12°	Rodríguez Prieto	Juan Manuel	36090085A	Inglés	Intermedio II	7,50
IN_80	13°	Ballesteros Martínez	María Elena	36173707 C	Inglés	Avanzado I	7,50
IN_96	14°	Álvarez Hernández-Cañizares	Patricia	00390954 T	Inglés	Avanzado II	7,50
IN_43	15°	Gómez Otero	Manuel Angel	36158452 Z	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_56	16°	González López de Guereñu	Susana	36062065 C	Inglés	Intermedio II	7,00
IN_59	17°	Lago Justo	Javier	39458034 Q	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_61	18°	Florez Herrero	Iria	53186477 N	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_92	19°	Rodríguez González	Dario	53187832 X	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_19	20°	González Pérez	Mónica	39453667L	Inglés	Intermedio II	7,00
IN_08	21°	Reboreda Santamaría	Alfredo	36149412 J	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_62	22°	Guerra Vaqueiro	Guadalupe	36135014 J	Inglés	Avanzado II	7,00
IN_20	23°	Alonso Alonso	María Coral	35549359 F	Inglés	Intermedio II	7,00
IN_87	24°	López-Dóriga Sandoval	María	36152376 X	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_44	25°	Pérez Homem de Almeida	María Alejandra	36115592 A	Inglés	Intermedio II	7,00
IN_54	26°	Blanco Arias	Fausto	35572894 J	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_90	27°	Cabaleiro Ibarrez	Borja	53172052 P	Inglés	Intermedio II	7,00
IN_24	28°	Morata Costas	Noelia	53187791 S	Inglés	Avanzado I	7,00
IN_46	29°	González Alonso	Mónica	36116832 R	Inglés	Intermedio II	6,50
IN_79	30°	Rocha Ratón	Carmen Lorena	36174392 S	Inglés	Avanzado I	6,50
IN_101	31°	Domínguez García	Penélope	36139567 N	Inglés	Avanzado I	6,50
IN_11	32°	Martínez Faramiñan	Andrea	53180322 G	Inglés	Intermedio II	6,50
IN_35	33°	Piñeiro Reboreda	Belén	53187579 X	Inglés	Avanzado II	6,50
IN_72	34°	Del Caño Otero	Raquel	53175217 E	Inglés	Intermedio II	6,50
IN_06	35°	Rodríguez Bermudez	Belén María	36147028 K	Inglés	Avanzado I	6,50
IN_12	36°	Vázquez Costas	Andrea	53188794 Y	Inglés	Avanzado II	6,50
IN_41	37°	Núñez Gómez	Marta	36122812 R	Inglés	Intermedio II	6,50
IN_22	38°	Patrón Figueroa	Cristina	36161921 X	Inglés	Avanzado II	6,50
IN_97	39°	Romero Gándara	Miguel Ángel	36131538 X	Inglés	Avanzado I	6,50
IN_66	40°	González Sánchez	María Emma	36090323 B	Inglés	Avanzado II	6,50
IN_76	41°	Lorenzo Pérez	Andrés	36123484 Y	Inglés	Avanzado I	6,50
IN_68	42°	Rey Alonso	Marta	36049517 F	Inglés	Avanzado I	6,50
IN_09	43°	Álvarez Teijeiro	Yanina	53193913 L	Inglés	Avanzado I	6,00
IN_21	44°	Barreto De Souza	André Renato	YB300099	Inglés	Avanzado I	6,00
IN_34	45°	Moreno Costas	Ana	36176852 Z	Inglés	Avanzado I	6,00

IN_75	46º	Pérez Larrán	Patricia	36172020 N	Inglés	Avanzado I	6,00
IN_98	47º	Vidal Rodríguez	Brais	39455217 M	Inglés	Avanzado I	6,00
IN_86	48º	Lloves González	José Eutimio	36170089 J	Inglés	Avanzado II	6,00
IN_57	49º	Noguera Santamaría	Carlos Andrés	Y1441308 G	Inglés	Intermedio II	6,00
IN_63	50º	Sobral Vega	Ana Esperanza	36049414 L	Inglés	Intermedio II	6,00
IN_82	51º	Moure Valladares	Alejandro	36135448 X	Inglés	Avanzado II	6,00
IN_29	52º	Arquero Salinero	María Olvido	35995085 Q	Inglés	Intermedio II	6,00
IN_78	53º	Fernández Martínez	Ricardo	35274319 R	Inglés	Intermedio II	6,00
IN_14	54º	Iglesias Lores	María José	35295944 Y	Inglés	Avanzado I	6,00
IN_53	55º	Grande Yáñez	Elvira	36019158 P	Inglés	Intermedio II	6,00
IN_84	56º	Musso Moressi	Silvana	X9718830 L	Inglés	Intermedio II	5,50
IN_73	57º	Domínguez Vázquez	María Julia	36110609 B	Inglés	Avanzado I	5,50
IN_03	58º	Alonso López	Sandra	36138973 Q	Inglés	Avanzado I	5,50
IN_30	59º	San Millán Repiso	María Rita	35902629 C	Inglés	Intermedio II	5,50

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS)

Expte.	Orde	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	NIF	Lingua	Nivel	Puntos
FR_23	1º	Vidal Savio	Laura Inés	39488139 Z	Francés	Avanzado I	8,50
FR_20	2º	Cardenas Martín	Jaime	07857396 K	Francés	Avanzado I	8,50
FR_18	3º	Rodríguez Álvarez	Lisardo	09670897 H	Francés	Intermedio II	8,50
FR_13	4º	González Alonso	Mónica	36116832 R	Francés	Avanzado II	8,00
FR_03	5º	Iglesias Ramudo	Yolanda	53175668 J	Francés	Avanzado II	8,00
FR_07	6º	Legido Outón	María Jesús	53179012 E	Francés	Intermedio II	8,00
FR_09	7º	Madero Estévez	Diana	36153328 L	Francés	Intermedio II	8,00
FR_10	8º	Salvador Díaz	María Raquel	36033149 S	Francés	Avanzado I	8,00
